

ORDE do 9 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ao desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa seguridade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Consellería de Economía e Industria. DOG nº 15, (23/01/2026)

Obxeto

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a realización de actuacións de modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa seguridade, para o ano 2026, promovendo a mellora da eficiencia operativa, o acceso a servizos financeiros por parte da poboación e o desenvolvemento económico mediante a incorporación de tecnoloxías innovadoras.

Estas axudas tramitaranse polo réxime de **concorrencia competitiva**.

O código de procedemento é **IN519F**

Beneficiarios

Pemes e autónomos titulares de estación de servizo situadas nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que realicen investimentos para a modernización tecnolóxica e dixital sempre que:

- Estén situadas en concellos de menos de 20.000 habitantes ou naquelas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais no caso de estar en concellos de máis de 20.000 habitantes.
- Figuren de alta na clase 47.30 Comercio polo miúdo de combustible para automóbiles (CNAE-2025)
- Teñan como mínimo unha persoa contratados por conta allea (indefinido, fixo discontinuo ou combinacións que garantan unha presenza mínima equivalente a 20 h. semanais). En concellos de menos de 2.000 habitantes, será suficiente con ter un empregado por conta allea con contrato indefinido ou que o titular sexa un empresario autónomo.
- A estación de servizo figure inscrita no Rexistro de Instalacións de Distribución polo Miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos

Gastos subvencionables

- A adquisición e/ou instalación de sistemas e equipamentos dixitais para a mellora da xestión operativa da estación de servizo.
- A implantación de sistemas e equipamentos asociados ao pagamento na estación de servizo, así como servizo de retirada de diñeiro en efectivo.
 - Sistemas e equipamentos dixitais para a mellora do pagamento.
 - Servizo de retirada de diñeiro en efectivo.
- A integración de plataformas dixitais para a optimización da operativa de adquisición de produtos e servizos ofrecidos no establecemento.
- A adquisición e/ou implantación de sistemas e equipamentos dirixidos a mellorar a seguridade da estación de servizo.
- A adquisición e/ou implantación de sistemas e equipamentos dirixidos a garantir os servizos ofrecidos pola estación de servizo en caso interrupción da subministración de enerxía eléctrica a través da rede de distribución.

- e.1) Sistemas de alimentación ininterrompida asociados aos equipamentos dixitais.
- e.2) Grupos electróxicos destinados a garantir a subministración de enerxía eléctrica..
- f) A adquisición de desfibriladores.

Serán subvencionables os custos directamente relacionados coa execución das actuacións indicadas, incluíndo custos de adquisición de software, instalación SAI, formación do persoal no uso de novas tecnoloxías e obras necesarias para a implantación dos sistemas anteriores. Non se subvencionarán os gastos de legalización, taxas, licenzas, aranceis, bens de segunda man nin o IVE.

Período subvencionable

Consideraranse subvencionables todos os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2026 ata a data de xustificación do investimento.

Contía da axuda

Con carácter xeral, a intensidade das axudas será dun 50 % do importe total do custo elixible da actuación e cun máximo de 30.000 € por solicitude.

Para actuacións da tipoloxía e.2) a intensidade da axuda será do 80% cun máximo de 5.000 € por solicitude, cun máximo de 30.000 € para o conxunto da subvención.

Criterios de valoración

Os proxectos que se presenten serán técnica e economicamente viables, establecéndose os seguintes criterios de valoración:

1. Impacto das tipoloxías de actuación na mellora dos servizos ofrecidos (ata un máximo de 75 puntos).
 - Sistemas e equipamentos dixitais para a mellora da xestión operativa: 7,5 puntos.
 - Sistemas e equipamentos dixitais para a mellora do pagamento: 7,5 puntos.
 - Implantación de sistemas de retirada de diñeiro en efectivo: 7,5 puntos.
 - Integración de plataformas dixitais para optimizar a adquisición de produtos e servizos: 7,5 puntos.
 - Sistemas e equipamentos dirixidos a mellorar a seguridade da estación de servizo: 10 puntos.
 - Sistemas de alimentación ininterrompida asociados aos equipamentos dixitais: 10 puntos.
 - Grupos electróxicos destinados a garantir a subministración de enerxía eléctrica: ata 12,5 puntos.
 - Implantación de desfibriladores: 12,5 puntos.
2. Contribución ao desenvolvemento económico e social de zonas rurais (ata un máximo de 25 puntos): en función da poboación da parroquia en que se atopen.

Réxime de minimis

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de axudas de *minimis*.

Presentación de solicitudes

O prazo para presentar a solicitude estará aberto dende o **24 de xaneiro ata o 9 de marzo de 2026**.